



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 472
24 de marzo de 2023



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 22 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 51779) [186443](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se aproban as normas que amplían os dereitos do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia en materia de permisos [186443](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se modifica o Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobado pola Mesa do Parlamento en sesión do 21 de maio de 2002 [186446](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para 2023 [186448](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se modifica a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia. [186449](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 22 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 51779)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51779, o escrito do portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos cambios na representación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Baixa: Rosana Pérez Fernández

Alta: Noa Presas Bergantiños

— Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Baixa: Noa Presas Bergantiños

Alta: Alexandra Fernández Gómez

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se aproban as normas que amplían os dereitos do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia en materia de permisos



A disposición derradeira primeira do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia faculta a Mesa da Cámara para ditar cantas disposicións considere necesarias para o desenvolvemento deste estatuto de persoal e para adoptar acordos que puideren ampliar os dereitos das empregadas e dos empregados públicos do Parlamento de Galicia.

As normas que amplían os dereitos do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia en materia de permisos (Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia do 14 de febreiro de 2020) na súa disposición derradeira primeira dispoñen que «as melloras que sobre estes permisos se recollan na normativa estatal ou na normativa galega serán aplicables ao persoal que preste os seus servizos no Parlamento de Galicia».

A normativa autonómica e estatal en materia de función pública ampliou os dereitos do persoal empregado público en determinados permisos, mediante a aprobación da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, ampliacións que se considera que procede estender ao persoal ao servizo do Parlamento de Galicia.

Esta ampliación de dereitos foi negociada na Mesa de Negociación do 12 de decembro de 2022 e 28 de febreiro de 2023.

Consecuentemente, ao abeiro do disposto no artigo 3.2.c) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do 20 de marzo de 2023, dispón:

Artigo 1

Engádese un novo artigo 76.1.p) ao Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, que queda redactado como segue:

«p) Á intimidade no uso de dispositivos dixitais postos ao seu dispor e fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e xeolocalización, así como á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.»

Artigo 2

Modifícase o permiso de redución de xornada para a atención a fillos que padezan cancro ou calquera enfermidade grave, previsto no artigo 14 das normas que amplían os dereitos do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia en materia de licenzas e permisos, que queda redactado como segue:

«Para atender o coidado do fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente, concederase unha redución por horas completas de polo menos a me-



tade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo ata que o que era menor cumpra os 23 anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolledores de carácter preadoptivo, permanente ou simple traballen. En consecuencia, o simple cumprimento dos 18 anos de idade do fillo ou do menor suxeito a acollemento ou a garda con fins de adopción non será causa de extinción da redución da xornada se se mantén a necesidade do coidado directo, continuo e permanente.

Reglamentariamente estableceranse as condicións e os supostos en que a redución de xornada prevista neste artigo poderá acumularse en xornadas completas, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

Cando concorran en ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolledores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito á redución da xornada prevista nesta letra ou, de ser o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa aplicable, é requisito para a percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da xornada de traballo que o outro proxenitor adoptante ou acolledor de carácter preadoptivo, permanente ou simple, non cobre as súas retribucións íntegras en virtude do previsto nesta letra ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.

Así mesmo, no suposto de que ambos os dous proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, este poderá limitar o exercicio simultáneo da redución de xornada prevista nesta letra por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

Cando a persoa enferma contraia matrimonio ou constitúa unha parella de feito, terá dereito á prestación quen sexa o seu cónxuxe ou parella de feito, sempre que acredite as condicións para ser beneficiario.»

Artigo 3.

Engádesse un terceiro apartado ao artigo 5 das Normas reguladoras das vacacións do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O período de vacacións anuais retribuídas do persoal funcionario non pode ser substituído por unha contía económica. Nos casos de renuncia voluntaria deberá garantirse en todo caso o gozo das vacacións devindicadas. Non obstante o anterior, nos casos de conclusión da relación de servizos do persoal funcionario por causas alleas á vontade deste, terá dereito a solicitar o aboamento dunha compensación económica polas vacacións devindicadas e non gozadas; e, en particular, nos casos de xubilación por incapacidade permanente ou de falecemento, ata un máximo de dezoito meses.»

Disposición derogatoria. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste acordo.



Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se modifica o Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobado pola Mesa do Parlamento en sesión do 21 de maio de 2002

Ao abeiro do Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobado pola Mesa do Parlamento en sesión do 21 de maio de 2002, existen diferentes tipos de axudas entre as que se reparte o fondo de acción social existente. Os prazos de presentación de axudas ábreanse durante o mes indicado para cada unha delas no regulamento.

A última liña de axudas en tramitarse son as relativas aos estudos de fillos, na modalidade de estudos non obrigatorios, e as axudas en materia de saúde, ambas cun prazo de presentación fixado no regulamento para o mes de novembro de cada ano.

Iso supón que no mes de decembro debe levarse a cabo toda a tramitación. Isto é, o estudo das solicitudes e documentación presentada pola Comisión de axudas sociais, co requirimento de emenda nos casos que proceda, e a emisión do ditame-proposta para a concesión, co cálculo da distribución do resto do fondo entre as axudas de saúde respectando os máximos establecidos, a posterior fiscalización do expediente pola Intervención, e a resolución da Presidencia da cámara concedéndolas ou denegándolas, alén da súa notificación aos solicitantes.

Por outra parte, o devandito regulamento declara no artigo 3 a incompatibilidade das axudas que, polo mesmo concepto, poida percibir a persoa beneficiaria de calquera administración pública. Non obstante, modificouse, por acordo da Mesa do Parlamento do 17 de decembro de 2008, o artigo 5.5.b) respecto das axudas de estudos de fillos (ensinanzas non obrigatorias) para establecer que «...non se considerarán axudas incompatibles as bonificacións ou exencións de pagamento por razóns de excelencia académica, familia numerosa, discapacidade grave, violencia de xénero e violencia terrorista, así como aquelas recoñecidas a determinados colectivos do persoal ao servizo da Administración educativa, incluídos os dos centros docentes públicos, sempre e cando a contía total recibida pola persoa beneficiaria non supere os gastos efectivamente realizados.»

A iso podemos engadir que as diferentes formas de axudas postas en marcha polas administracións educativas as declaran compatibles, normalmente en tanto non se supere coa súa obtención o importe que na execución deses estudos empregan as familias. Porén, o Regulamento de axudas sociais soamente declara compatibles as relativas aos estudos de fillos en ensinanzas non obrigatorios.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 20 de marzo de 2023, dispón:



Artigo único. Modificación do Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia

Modifícase o Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia nos seguintes termos:

1. Modifícase o artigo 3.2, coa seguinte redacción:

«2. A percepción de calquera das axudas previstas neste regulamento é incompatible coa obtención de calquera outra que, polo mesmo concepto, poida percibir a persoa beneficiaria de calquera administración pública, coas excepcións que neste regulamento se establecen.»

2. Modifícase o artigo 5.4, coa seguinte redacción:

«4. As solicitudes e a documentación exixida no apartado 5 deste artigo deberán presentarse no mes de xuño para o ensino obrigatorio, e no mes de outubro para o resto dos estudos. En todo caso, deberán corresponder a cursos que comecen no ano natural en que se pide a axuda.»

3. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 5.a).3 coa seguinte redacción:

«Porén, non se considerarán axudas incompatibles as bonificación ou exencións procedentes das administracións públicas relativas á subscrición ao fondo de libros, comedor, apoio educativo, aquelas debidas ás especiais circunstancias do menor, así como as bonificacións ou exencións por familia numerosa, violencia de xénero, violencia terrorista, sempre e cando a contía total recibida pola persoa beneficiaria non supere os gastos efectivamente realizados.»

4. Modifícase o número 3 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. As solicitudes e a documentación exixida no apartado 4 deste artigo deberán presentarse no mes de setembro.

Os gastos que se produzan nos meses seguintes aboaranse con cargo ás axudas do exercicio inmediato seguinte.»

Disposición derogatoria. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste acordo.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para 2023

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece no seu artigo 17 que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas mediante persoal existente e deban proveerse mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia.

Segundo o artigo 67 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a preparación e o deseño dos plans de oferta de emprego serán obxecto de negociación. Estes criterios xerais foron negociados na Mesa de Negociación do 12 de decembro de 2022 e 28 de febreiro de 2023, ratificando os criterios xerais acordados e publicados no BOPG número 677, do 12 de febreiro de 2009.

Por conseguinte, a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para 2023 queda conformada polas seguintes prazas vacantes dotadas orzamentariamente:

I. Quenda libre

Corpo: auxiliar do Parlamento de Galicia

Tipo de persoal: funcionario

Grupo: D

Número de prazas: 4

II. Promoción interna

Corpo : letradas e letrados do Parlamento de Galicia

Tipo de persoal: funcionario

Grupo: A

Numero de prazas: 1

Corpo: xestión

Escala: escala técnica de mantemento de infraestruturas

Tipo de persoal: funcionario

Grupo: B

Número de prazas: 1

Corpo: administrativo do Parlamento de Galicia

Tipo de persoal: funcionario

Grupo: C

Número de prazas: 4

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2023, polo que se modifica a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia.

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia configura as relacións de postos de traballo como o instrumento técnico a través do cal se racionalizan e ordenan os postos de traballo existentes e con dotación orzamentaria.

As modificacións da relación de postos de traballo que se conteñen nesta proposta derivan das necesidades comunicadas polos distintos servizos para facilitar o desenvolvemento das funcións e competencias que lles foron atribuídas, sempre baixo os principios de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos humanos dispoñibles.

As modificacións foron negociadas na Mesa de Negociación do 12 de decembro de 2022 e 28 de febreiro de 2023.

Por todo o exposto, vistos os informes favorables dos Servizos Xurídicos e da Intervención, e segundo o establecido no artigo 19.2 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1. Modificar os requisitos específicos dun posto da escala técnica superior de documentación:

SERVIZO DE ASISTENCIA PARLAMENTARIA											
Código	Denominación	Forma provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión
AP102	Técnico/a superior de documentación	C	25	20.749,54	A	Superior	Técnica superior de documentación	APG	F	V	Grao en Información e Documentación Grao en Xestión da Información e Contidos Dixitais Grao de Xestión de Información e Documentación Dixital Grao de Xestión Dixital de Información e Documentación ou ben título universitario oficial de grao que, de acordo cos plans de estudo vixentes, habilite para exercer as actividades de carácter profesional relacionadas coas funcións asignadas á escala



2. Creación no Servizo de Persoal e Réxime Interior do posto AP112, técnico de mantemento:

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR											
Código	Denominación	Forma provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión
AP112	Técnico/a de mantemento	C	22	20.428,38	B	Xestión	Técnica de mantemento	APG	F	V	Grao en Arquitectura, Arquitectura Técnica ou de Edificación Grao en Enxeñaría da Edificación, Civil ou Industrial, en calquera das ramas relacionadas coas instalacións e equipamentos dos edificios

FUNCÍONS DO POSTO

- A coordinación das actividades de conservación e mantemento do edificio e as súas infraestruturas, coa axeitada adaptación á normativa vixente na materia.
- O control e supervisión técnica das empresas que prestan servizos relacionados co mantemento na Administración parlamentaria, así como a interlocución co persoal técnico desas empresas.
- A elaboración de informes técnicos sobre o estado e as necesidades de actualización, reforma ou substitución das infraestruturas do edificio ou dalgún dos seus compoñentes.
- A elaboración dos pregos de prescricións técnicas nos procedementos de contratacións relacionados co mantemento.
- A elaboración de informes técnicos sobre as ofertas presentadas polos licitadores nos procedementos de contratación relacionados co mantemento e o asesoramento nesta materia á xefatura do servizo.
- O deseño e implantación de melloras para o desenvolvemento eficaz e eficiente do servizo conforme as directrices da xefatura do servizo.
- Aquelas tarefas de estudo, instalación e mantemento de equipos que se precisen no Parlamento de Galicia e aquelas funcións que, ao seren análogas ás anteriores ou teren carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lle asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables, mellorando a xestión da área de mantemento no Servizo de Persoal e Réxime Interior.



3. Modificación do nivel dos postos AP 30 e AP 41 e adaptación do complemento específico:

SERVIZO DE ASISTENCIA PARLAMENTARIA												
Código	Denominación	Forma de provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación do posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Obs.
AP30	Administrativo/a	C	20	17.834,04	C	Administrativo		APG	F	V		
AP41	Administrativo/a	C	20	17.834,04	C	Administrativo		APG	F	V		

FUNCIÓNS DOS POSTOS

— O apoio administrativo aos órganos parlamentarios e a elaboración de documentación preparatoria e derivada da súa actividade.

— A asistencia ás reunións dos órganos parlamentarios e o desenvolvemento nestas dos labores de apoio administrativo.

— A asistencia administrativa aos responsables das unidades administrativas ou áreas funcionais.

— A realización das tarefas administrativas que requiran os procedementos parlamentarios e os procedementos de xestión das diversas unidades da Administración parlamentaria mediante a utilización de taquigrafía, mecanografía, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas.

— A colaboración na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da xestión parlamentaria.

— A colaboración na alimentación e explotación das fontes documentais de Servizo e a consulta de precedentes da Administración Parlamentaria.

— Traballos de edición e transcripción.

— A alimentación e consulta das bases de datos do servizo.

— A actualización e consulta dos contidos da páxina web do Parlamento de Galicia nas materias competencia do servizo.

— As demais funcións xenéricas correspondentes ao corpo administrativo.

— Aquelas funcións propias do corpo administrativo que lles sexan encomendadas polos superiores xerárquicos en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica,



responsabilidade ou demais condicións particulares dos postos que en cada caso ocupen, e que determinaron a súa configuración na relación de postos de traballo.

— Aquelas funcións que, ao seren análogas ás anteriores ou teren carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lles asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables.

4. Cambio de denominación do posto AP 70, técnico/a de mantemento, e adaptación do nivel

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR												
Código	Denominación	Forma de provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Obs.
AP70	Técnico/a de xestión	C	22	20.428,38	B	Xestión		APG	F	V		

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

